

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE FOMENTO

**8947** *RESOLUCIÓN do 19 de abril de 2007, da Dirección Xeral de Transportes por Estrada, pola que se establecen os controis mínimos sobre as xornadas de traballo dos condutores no transporte por estrada.* («BOE» 104, do 1-5-2007.)

Esta resolución dítase co fin de incorporar ao ordenamento xurídico español a Directiva 2006/22/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo, sobre as condicións mínimas para a aplicación dos regulamentos do Consello (CEE) n.º 3820/85, substituído polo Regulamento (CE) 561/06 e (CEE) n.º 3821/85 no que respecta á lexislación social relativa ás actividades de transporte por estrada e pola que se derroga a Directiva 88/599/CEE, do Consello.

Os regulamentos citados son normas que inciden de maneira fundamental na consecución dun mercado común do transporte por estrada, na mellora da seguranza viaria e na harmonización das condicións de traballo.

É, ademais, necesario garantir que, sen prexuízo dunha correcta execución das tarefas que impón a Directiva 2006/22, os controis en estrada se efectúen con rapidez e eficacia, co fin de que se realicen no menor tempo posible e co menor atraso para os condutores.

Para conseguir estes obxectivos, e dado que a substitución do tacógrafo analóxico polo dixital o permite, a Comisión indicou a necesidade de aumentar a inspección e o control sobre a lexislación social ordenadora do transporte por estrada, o fomento do intercambio sistemático de información entre os Estados membros, a coordinación das actuacións inspectoras e a promoción da formación conxunta dos controladores.

Por todo iso, esta dirección xeral resolveu:

**Primeiro. *Sistemas de control.***—Os órganos competentes para a inspección e o control do transporte por estrada organizarán un sistema de controis regulares, de tal xeito que se controle, cando menos, o un por cento das xornadas de traballo dos condutores de vehículos suxeitos aos regulamentos (CE) 561/06 e (CEE) 3821/85. Esta porcentaxe aumentarase polo menos ata o dous por cento a partir do 1 de xaneiro de 2008 e ata o tres por cento a partir do 1 de xaneiro de 2010.

Destes controis, polo menos o quince por cento do número total das xornadas de traballo controlarase na estrada e o trinta por cento nos locais das empresas. A partir do 1 de xaneiro de 2008, cando menos o trinta por cento do número total das xornadas controlarase na estrada e o cincuenta por cento nos locais das empresas.

Estes controis cubrirán cada ano unha mostra ampla e representativa dos traballadores móbiles, dos condutores, das empresas e dos vehículos de transporte sometidos aos regulamentos (CE) 561/06 e (CEE) 3821/85.

**Segundo. *Realización dos controis na estrada.***—Os controis na estrada deberanse realizar en lugares distintos e en calquera momento e cubriranse tramos de rede viaria de extensión suficiente para dificultar que os puntos de control poidan ser evitados.

As autoridades encargadas da inspección velarán porque se adopten as disposicións necesarias para implantar puntos de control en ou cerca de estradas existentes e en proxecto e para que, se fose preciso, as gasolineiras e outros lugares seguros xunto ás autoestradas poidan servir de puntos de control.

Así mesmo, as citadas autoridades ocuparanse de que os controis se leven a cabo segundo un sistema de rotación aleatorio e velarán por lograr un equilibrio xeográfico apropiado.

Os controis serán realizados por persoal cos coñecementos adecuados. Os aspectos que se deberán comprobar nos controis na estrada serán os establecidos na lista que forma a parte A do anexo I desta resolución. Para o exercicio das súas funcións, os controladores recibirán o equipamento de control estándar, tal e como se establece no anexo II.

Os controis na estrada deberanse realizar sen ningunha discriminación por parte dos controladores canto:

- Ao país onde estea matriculado o vehículo.
- Ao país de residencia do condutor.
- Ao país onde estea establecida a empresa.
- Á orixe e ao destino do traxecto.
- Ao tipo de tacógrafo, analóxico ou dixital.

**Terceiro. *Controis concertados.***—Os órganos competentes para a inspección e o control do transporte deberán realizar polo menos seis veces ao ano operacións concertadas de control na estrada con outros Estados da Unión Europea. Estas operacións deberanas realizar de forma simultánea as autoridades de control de dous ou máis Estados membros, cada unha delas no seu propio territorio.

**Cuarto. *Controis nos locais das empresas.***—Os controis nos locais das empresas organizaranse segundo os criterios establecidos nos plans anuais de inspección atendendo á experiencia adquirida en relación coas diferentes clases de transporte e de empresas. Efectuaranse, así mesmo, cando se comprobasen na estrada infraccións graves ás normas reguladoras dos tempos de conducción e descanso.

**Quinto. *Estatísticas.***—Os órganos competentes para a inspección e o control do transporte elaborarán unha estatística dos controis organizados que conterà en todo caso os seguintes datos:

- Controis na estrada:

Tipo de estrada, é dicir, se é autoestrada, estrada nacional ou secundaria, e país de matriculación do vehículo inspeccionado.

Tipo de tacógrafo, analóxico ou dixital.

b) Controis en locais:

Tipo de actividade de transporte: internacional ou nacional, viaxeiros ou mercadorías, por conta propia ou por conta allea.

Tamaño do parque de vehículos da empresa.

Tipo de tacógrafo, analóxico ou dixital.

Sexto. *Informe á Comisión Europea.*—Cada dous anos remitiráselle á Comisión Europea as estatísticas recompiladas nos controis na estrada e nos locais das empresas.

Sétimo. *Comunicación de infraccións.*—As infraccións e sancións aos tempos de condución e descanso teñen que ser comunicadas, cando menos, cada seis meses, ás autoridades do Estado membro cuxos residentes as cometesen. O intercambio de información tamén afectará as sancións aplicadas por un Estado membro aos seus residentes para as mesmas infraccións cometidas noutro Estado membro.

Así mesmo, débesele comunicar a mesma información, así como todas as actuacións realizadas, ao órgano que serve de enlace intracomunitario nesta materia. O informe confeccionarase seguindo a lista inicial de infraccións que se establece no anexo III desta resolución.

Oitavo. *Clasificación de riscos.*—Os órganos competentes introducirán un sistema de clasificación de riscos das empresas baseado no número relativo e a gravidade das infraccións aos regulamentos (CE) 561/06 ou (CEE) 3821/85 que cometese cada unha das empresas.

As empresas cunha clasificación de alto risco serán obxecto de controis máis estritos e frecuentes.

A categoría relativa ás infraccións máis graves debe incluír aquelas en que o incumprimento dos regulamentos citados cree un alto risco de morte ou de lesións corporais.

Noveno. *Programas de formación.*—Polo menos unha vez ao ano poranse en marcha programas de formación conxuntos con outros Estados da Unión Europea sobre as mellores prácticas en materia de control e facilitaranse os intercambios de persoal entre os seus organismos respectivos para o enlace intracomunitario cos organismos equivalentes noutros Estados membros.

Madrid, 19 de abril de 2007.—O director xeral de Transportes por Estrada, Juan Miguel Sánchez García.

## ANEXO I

### Parte A

#### *Controis na estrada*

Os aspectos que deberán comprobarse, en xeral, nos controis na estrada son os seguintes:

1) Tempos diarios e semanais de condución, pausas e períodos de descanso diarios e semanais; tamén as follas de rexistro das xornadas precedentes que deben estar a bordo do vehículo, de conformidade co artigo 15, número 7, do Regulamento (CEE) 3821/85 e/ou os datos almacenados correspondentes ao mesmo período na tarxeta de condutor e/ou na memoria do aparello de control, de conformidade co anexo II, e/ou as impresións en papel.

2) Para o período mencionado no artigo 15, número 7, do Regulamento (CEE) 3821/85, todos os casos en que se excedese a velocidade autorizada do vehículo, definidos como todos os períodos de máis dun minuto durante os cales a velocidade do vehículo exceda os 90 quilómetros por hora na categoría dos vehículos N3 ou os 105 quilómetros por hora na categoría de vehículos M3.

3) De ser o caso, as velocidades instantáneas do vehículo rexistradas polo aparello de control dentro das 24 horas anteriores á utilización do vehículo.

4) O correcto funcionamento do aparello de control (verificación de posibles manipulacións do aparello e/ou da tarxeta de condutor e/ou das follas de rexistro) e, se é o caso, a presenza dos documentos recollidos no artigo 14, número 5, do Regulamento (CEE) 3820/85.

### Parte B

#### *Controis nos locais das empresas*

Ademais dos aspectos establecidos na parte A, nos locais das empresas controlarase o seguinte:

1) Os períodos de descanso semanal e os tempos de condución entre estes períodos de descanso.

2) O límite quincenal de tempos de condución.

3) As follas de rexistro, os datos e as impresións en papel da tarxeta de condutor e da unidade instalada no vehículo.

## ANEXO II

### Equipamento estándar á disposición das unidades de control

Os órganos competentes das distintas administracións velarán porque as unidades que desempeñen as tarefas previstas no anexo I dispoñan do seguinte equipamento estándar:

1) Equipamentos capaces de transferir datos da unidade instalada no vehículo e a tarxeta de condutor do tacógrafo dixital, ler os datos e analízalos ou transmitirlos para a súa análise a unha base de datos central.

2) Equipamentos para controlar as follas de tacógrafo.

## ANEXO III

### Infraccións

Lista non exhaustiva que ofrece unhas directrices sobre o que se pode considerar como infracción:

1) Superar os tempos de condución diarios, semanais ou bisemanais máximos.

2) Facer caso omiso do período de descanso diario ou semanal mínimo.

3) Facer caso omiso da pausa mínima.

4) Non instalar o tacógrafo de conformidade coas disposicións do Regulamento (CEE) 3821/85.

# MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**8948** *REAL DECRETO 442/2007, do 3 de abril, polo que se derrogan diferentes disposicións en materia de normalización e homologación de produtos industriais. («BOE» 104, do 1-5-2007.)*

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, no ámbito das súas competencias, vén elaborando disposicións de seguranza industrial que tenden a previr os usuarios contra os riscos derivados da utilización de aparellos e produtos industriais e disposicións para a defensa dos intereses do usuario ou consumidor, mediante o establecemento de especificacións técnicas axeitadas.